

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de xuño de 2010**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o día 25 de xuño de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/10, do 28 de maio.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 10.001 á nº 12.400, de 2010.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

3.-Aprobar a modificación das bases reguladoras do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011.

4.-Aprobar os proxectos reformados das obras de “Beirarrúas na R/ Ángel del Castillo” (código 07.2100.0016.0) e “Beirarrúas na Avenida Caión-Avda. Arsenio Iglesias” (código: 07.2100.0017.0) do Concello de Arteixo, incluídas no Plan de obras e servizos (POS) 2007.

5.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Pavimentación e dotación de servizos en parroquias Fene”, do Concello de Fene, incluída no Plan de cooperación provincial 2007 (PCP), código 07.3100.0101.0.

6.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Centro de reunión social, 2-F” do Concello de Oroso, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007. Código: 07.3100.0182.0.

7.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Separata 3 (2ª parte) Abastecemento a Franxa e outros” do Concello de Mugardos, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2009. Código: 09.2100.0156.0.

8.- Aprobar a segunda modificación da anualidade 2009 do Proxecto de aforo, calidade e eficiencia enerxética nos servizos públicos municipais (PEACE) 2009”.

Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

9.-Aprobar o convenio coa Fundación Rosalía de Castro correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o “Programa de actividades do ano 2009”.

10.-Aprobar o convenio coa Fundación Paideia-Galiza correspondente á subvención nominativa para a promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: “Programa Outra+Outra 2010”.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

11.-Modificar as retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación provincial (anos 2010 e 2011).

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

12.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do forno do Forte de Buño.

13.-Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas aos establecementos de hostalería e restauración que soliciten a adhesión á marca “Refuxios do río Mandeo”, do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

14.-Aprobar a subscrición e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fisterra para financiar a realización da obra de instalación de céspede artificial no campo municipal Ara-Solis.

15.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a “Casa de Galicia” (Montevideo-Uruguai) para financiar o equipamento da policlínica A Coruña.

16.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández Latorre para o financiamento do proxecto Voz Natura 2010.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

17.-Aprobar o Plan de sendas peonís 2010 1ª fase integrado polos proxectos: senda peonil na DP 7601 San Sadurniño á Cruz de Lamestra (San Sadurniño) (1011700001.0); senda peonil na DP 1004 de Lanzá a Boimorto (P.Q. 0+000 ao 0+860) (Mesía) (1011700002.0).

18.-Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2010 4ª fase integrado polos proxectos: construción de beirarrúas para a seguridade viaria na DP 1201 (P.Q: 2+140 ao 2+720 e P.Q. 4+480 ao 5+150) (Boqueixón); seguridade viaria, reforzo no firme da calzada, sinalización, iluminación viaria e reposición parcial de beirarrúas nun tramo da DP 0513 Paosaco a Caión (tramo da Torre) (A Laracha). Remitir os citados proxectos aos concellos para os efectos de adoptar os acordos e remitir a documentación á que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación e os concellos.

19.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 5ª fase integrado polo proxecto: mellora da capa de rodaxe na DP 1902 Carballo a Razo (travesía de Arnados) (Carballo) (1011100005.0).

20.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 4ª fase integrado polo proxecto: Complementario nº 1 da ampliación e mellora do trazado da DP 1909 Carballo a Caión e acceso á Lagoa, P.Q. 12+00 ao P.Q. 15+630 (A Laracha e Carballo) (1011100004.0).

21.-Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2010 1ª fase 1ª relación integrado polo proxecto: complementario nº 1 mellora da seguridade viaria na DP de Xaras a Olveira P.Q. 1,640 ao 3+990 referente á construción dunha pasarela peonil no P.Q. 1+970 (Ribeira) (1011300001.0).

22.-Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2010 2ª fase 1ª relación integrado polo proxecto: senda peonil na estrada DP 2601 (Cesuras) (1011300002.0).

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

23.-Modificar a Ordenanza Fiscal Xeral.

24.-Dar conta das contas anuais da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

25.-Modificación da Base 47ª das de execución do orzamento da Deputación provincial exercicio 2010 “Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación”.

26.-Expediente de modificación de créditos de aprobación polo Pleno núm. 3/2010 e modificación da Base núm. 49ª das de execución do Orzamento da Deputación provincial exercicio 2010 referente ás subvencións nominativas.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

A Sra. Vázquez Veras entra comezada a sesión, no punto número 7.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e sete minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/10, DO 28 DE MAIO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 5/10, do 28 de maio.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 10.001 Á Nº 12.400, DE 2010.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 10.001 á nº 12.400, de 2010.

3.-APROBAR A MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar a modificación das Bases reguladoras do plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, que foron aprobadas polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 30 de maio de 2008 e cuxo texto se publicou no BOP nº 128 do 5 de xuño de 2008.

A modificación ten por finalidade facilitar que os concellos poidan esgotar a cantidade que lles foi asignada a cada un deles, e afecta aos artigos seguintes, destácanse as modificacións mediante subliñado:

Base 2, penúltimo parágrafo: *“O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase na cantidade de*

100.000,00 euros, agás na anualidade 2011, na que o orzamento mínimo será de 30.000,00 euros para facilitar o esgotamento das cantidades asignadas por este plan”

Base 5, parágrafo 2: “Non obstante, coa finalidade de que cada concello poida esgotar a cantidade que lle foi asignada para o período 2008-2011, no ano 2011 a Deputación poderá fixar un novo prazo para que os concellos poidan presentar a documentación necesaria para realizar o dito esgotamento, de acordo coas instrucións que enviará a Deputación a cada un deles”.

Base 5.1, parágrafo 2: “Por outra banda, na última anualidade, o concello poderá propoñer a inclusión doutras obras no Plan base ou no Plan complementario para seren financiadas con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulación de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes, segundo se detalla no último apartado da base 6”.

Base 5.4, parágrafo 2: “O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra establécese en 100.000,00 euros, agás para a anualidade 2011, que será de 30.000,00 euros”.

Base 7, parágrafo 4: “As baixas que se produzan no plan destinaranse a minorar a achega municipal que se realice ata anular, se for posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente obra. Non obstante, na última anualidade deste plan, as baixas aplicadas a minorar a achega da deputación poderán destinarse por cada concello a financiar as obras que o concello solicite dentro do Plan base ou do Plan complementario, de acordo co establecido no último apartado da base 6”.

O texto íntegro das bases modificadas figura no anexo a este acordo.

2ª) Remitirlle este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días, e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.”

BASES MODIFICADAS REGULADORAS DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan de cooperación cos concellos (PCC) é un plan plurianual da Deputación Provincial da Coruña para os exercicios 2008-2011, que se financia cunha

achega provincial en cada unha das anualidades ata acadar un total de 40.000.000,00 € nos catro anos da súa vixencia e coas achegas dos concellos que tamén é preciso realizar para completar o financiamento dos investimentos.

Anualidades	Achega provincial
2008-2011	40.000.000,00 €

O financiamento da achega provincial para cada unha das anualidades 2008, 2009, 2010 e 2011 realizarase segundo se detalla no apartado 4 destas bases.

A aprobación do plan correspondente da anualidade 2008 non se poderá realizar ata a entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008, no que se consigna crédito necesario para o seu financiamento na partida 0501/ 519F/ 76201. Igualmente, as aprobacións das anualidades 2009, 2010 e 2011 non poderán realizarse ata a entrada en vigor dos respectivos orzamentos provinciais ou expedientes de modificación de créditos nos que se consigne o crédito correspondente.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste plan é a de cooperar cos concellos da provincia cunha poboación inferior a 20.000 habitantes na realización de investimentos relacionados co ciclo da auga, co medio natural e coa mellora da rede viaria local intermunicipal.

Por iso, o obxecto do plan concrétese na realización de novos investimentos municipais das seguintes tipoloxías:

A) Infraestruturas do ciclo hidráulico:

- Obras de abastecemento de auga
- Depuradoras de auga potable
- Depósitos de auga
- Obras de saneamento
- Depuradoras de augas residuais
- Outras infraestruturas directamente relacionadas co ciclo da auga

B) Obras de calidade ambiental da contorna

Obras de renovación ou recuperación paisaxística, recuperación de zonas degradadas, protección de espazos naturais na contorna rural ou urbana etc.

C) Mellora da rede viaria local intermunicipal.

Obras de mellora de estradas municipais, sempre e cando sexa un proxecto solicitado por máis dun concello, para o arranxo de estradas municipais que atravesan varios concellos. Neste caso deberá formalizarse un convenio entre os concellos nos que se concrete a administración que vai contratar e executar a obra, e outros aspectos de

coordinación. Deberá achegarse á Deputación unha copia deste convenio xunto coa solicitude.

As obras cuxa execución se solicite deberán cumprir os seguintes requisitos:

- As obras deben ser completas, no sentido de seren susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e así se fará constar na memoria do proxecto. No caso de que na súa denominación se indique que se trata dunha fase, tramo, parte etc. debe achegarse ademais un informe técnico xustificativo desta circunstancia.
- Cada obra debe identificarse cun proxecto técnico, que debe redactarse conforme ao establecido no artigo 107 da citada Lei de contratos do sector público.
- As denominacións das obras deben identificar claramente a actuación que se vai realizar, polo que non se admitirán as que sexan de carácter xenérico.
- A achega provincial destinarase exclusivamente ao financiamento da execución da obra definida no proxecto técnico correspondente .
- O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase na cantidade de 100.000,00 euros, agás na anualidade 2011, na que o orzamento mínimo será de 30.000,00 euros para facilitar o esgotamento das cantidades asignadas por este plan.
- O concello deberá acreditar documentalmente que conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras e coas autorizacións e concesións administrativas que sexan precisas para a súa execución.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 83 concellos da provincia cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, que se relacionan deseguido:

Abegondo	Fene	O Pino
Aranga	Fisterra	A Pobra do Caramiñal
Ares	Frades	Ponteceso
Arzúa	Irixoa	Pontedeume
A Baña	Laxe	As Pontes
Bergondo	A Laracha	Porto do Son
Betanzos	Lousame	Rianxo
Boimorto	Malpica	Rois
Boiro	Mañón	Sada
Boqueixón	Mazaricos	San Sadurniño

Brión	Melide	Santa Comba
Cabana de Bergantiños	Mesía	Santiso
Cabanas	Miño	Sobrado
Camariñas	Moeche	As Somozas
A Capela	Monfero	Teo
Carnota	Mugardos	Toques
Carral	Muxía	Tordoia
Cedeira	Muros	Touro
Cee	Neda	Trazo
Cerceda	Negreira	Valdoviño
Cerdido	Noia	Val do Dubra
Cesuras	Ordes	Vedra
Coirós	Oroso	Vilasantar
Corcubión	Ortigueira	Vilarmaior
Coristanco	Outes	Vimianzo
Curtis	Oza dos Ríos	Zas
Dodro	Paderne	Cariño
Dumbría	Padrón	

4.- FINANCIAMENTO

O presente plan plurianual financiarase entre a deputación e os concellos segundo se indica a continuación.

Os concellos deberán desagregar para cada investimento a parte que financia a Deputación e a que financia o Concello, polo que se deberá cumprir, en cada unha das obras, as porcentaxes de achega municipal que máis adiante se indican.

4.1 Achega provincial

O importe total da achega provincial a este plan para o período 2008-2011 ascende a 40.000.000,00 de euros, distribuídos en catro anualidades.

A Deputación financiará a anualidade 2008 cunha achega provincial por importe de 10.000.000,00 euros que se vai consignar no expediente de modificación de créditos 1/2008 que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de maio de 2008, vai aprobar de modo simultáneo á aprobación destas bases.

Para as restantes anualidades 2009, 2010 e 2011, a Deputación comprométese a incluír nos respectivos orzamentos provinciais, tanto no orzamento inicial como nun dos expedientes de modificación de créditos que se aproben ao longo de cada ano, e na medida das súas posibilidades presupostarias, a cantidade precisa para financiar en cada ano os proxectos dos concellos cuxa documentación estea correcta e completa, aplicando, no seu caso, os criterios de prioridade que se detallan na base 6.

Polo tanto, a achega de Deputación irase adaptando anualmente ás necesidades de financiamento dos proxectos presentados que estean completos, e as posibilidades financeiras da Deputación ao longo de cada ano. En calquera caso, a Deputación comprométese a realizar, ao final do período 2008-2011, un investimento por un importe total de 40.000.000,00 €.

A cada concello asígnaselle unha cantidade de achega provincial calculada aplicando as variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do Plan de obras e servizos (POS), que son as seguintes:

10%	Cota fixa
5%	Esfuerzo fiscal
15%	Número de parroquias
35%	Poboación
35%	Superficie

Da aplicación destas porcentaxes aos datos de cada concello resulta a cantidade de achega provincial que se lles asigna para os catro anos de vixencia do plan. O concello poderá presentar proxectos para seren financiados con cargo á achega provincial asignada para executalos durante as anualidades 2008-2011.

Durante os catro anos de vixencia do plan, o concello poderá solicitar anualmente os investimentos que precise, polo importe que considere conveniente, dentro dos prazos de presentación de solicitudes que se concretan na base 5. Poderá solicitar un maior investimento nalgunha anualidade e menor ou ningún noutras, ata acadar o importe total asignado nos catro anos da vixencia do programa.

Non obstante, na última anualidade, o concello poderá solicitar obras por un importe maior do asignado e incluílas no Plan complementario, para seren financiadas con cargo aos remanentes que se poidan producir por baixas de licitación ou anulacións de proxectos segundo se detalla no último apartado da base 6.

Debe terse en conta que só se aprobarán anualmente aqueles proxectos que contén con todas as autorizacións administrativas que sexan precisas para a súa execución, así como cos terreos que sexan necesarios, e así se acredite documentalmente.

4.2 Achega municipal

Os concellos deberán realizar obrigatoriamente unha achega municipal mínima calculada aplicando ao orzamento do proxecto a porcentaxe que lles corresponda segundo a seguinte escala, en función da poboación de cada concello que figura no Padrón municipal aprobado mediante Real decreto 1683/2007 do 14 de decembro.

Poboación do concello	Porcentaxe achega municipal
Ata 5.000 habitantes	5%
Entre 5.000 e 10.000 habitantes	10 %
Entre 10.000 e 15.000 habitantes	15%
Entre 15.000 e 20.000 habitantes	20 %

Non obstante, os concellos poderán voluntariamente incrementar o importe da súa achega cando sexa preciso para completar o presuposto total do proxecto técnico da obra.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no Rexistro xeral da Deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata as datas que se indican para cada anualidade, a documentación que se indica nos puntos 1, 2, 3 e 4 desta base 5:

Anualidade de aprobación do Plan pola deputación	Data límite de presentación da documentación polos concellos
Anualidade 2008	30 de setembro de 2008
Anualidade 2009	30 de setembro de 2008
Anualidade 2010	30 de setembro de 2009
Anualidade 2011	30 de setembro de 2010

Non obstante, coa finalidade de que cada concello poida esgotar a cantidade que lle foi asignada para o período 2008-2011, no ano 2011 a Deputación poderá fixar un novo prazo para que os concellos poidan presentar a documentación necesaria para realizar o dito esgotamento, de acordo coas instrucións que enviará a Deputación a cada un deles.

5.1. - Certificación do acordo plenario municipal

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, de conformidade co modelo que figura como anexo I, no que se acepten expresamente estas bases e se preste aprobación aos proxectos técnicos das obras, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega

provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal, cumprindo as porcentaxes indicadas na base 4.2.

Por outra banda, na última anualidade, o concello poderá propoñer a inclusión doutras obras no Plan base ou no Plan complementario para ser financiadas con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulación de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes, segundo se detalla no último apartado da base 6.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás obras.

No mesmo acordo indicárase expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras. No suposto de que soliciten actuacións que estean sometidas a autorizacións ou concesións administrativas, o concello deberá achegar o documento acreditativo da súa concesión pola autoridade competente.

Neste acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, deberá facilitar o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.2 .-Informe técnico

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Ademais, no informe técnico indicárase se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto ou contido, de acordo co establecido no artigo 109 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado polo concello remitindo unha copia á Deputación, ou se solicita asistencia a esta Deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 da devandita lei.

5.3.- Documento acreditativo das autorizacións administrativas precisas

Cando no informe técnico que se cita na base 5.2 se indique que para a execución da obra son precisas autorizacións administrativas, deberá achegarse unha copia compulsada do documento acreditativo da súa concesión pola autoridade competente.

5.4. - Documentación técnica

Dous exemplares de cada proxecto técnico, co contido establecido no artigo 107 da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra establécese en 100.000,00 euros, agás para a anualidade 2011, que será de 30.000,00 euros.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

A aprobación do plan producirase anualmente, nunha ou en dúas fases cada ano, de acordo coas posibilidades financeiras da deputación, e nel incluíranse os investimentos solicitados polos concellos cuxa documentación administrativa e técnica estea correcta e completa, e que se poidan financiar con cargo ao crédito provincial dispoñible.

No suposto de que os presupostos das solicitudes presentadas cuxa documentación administrativa e técnica estea correcta e completa supoñan unha achega provincial superior ao crédito dispoñible no momento da elaboración do plan, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade:

CRITERIOS DE PRIORIDADE
1.- Obras de concellos que non tiveran obras incluídas nas anualidades anteriores deste plan
2.- As obras de infraestruturas do ciclo hidráulico terán preferencia sobre as obras de calidade ambiental da contorna, e estas sobre as de mellora da rede viaria local intermunicipal
3.- Obras de concellos de menor poboación

As solicitudes completas que non puideran incluírse no plan base por non haber crédito dabondo, incluíranse nun primeiro apartado do Plan complementario para a súa aprobación na seguinte fase ou anualidade.

Igualmente, as solicitudes que estean pendentes de completar documentación incluíranse no segundo apartado do Plan complementario, con carácter de

programación de actuacións, e non se aprobarán definitivamente ata que estean correctas e completas.

E na última anualidade do plan, incluíranse nun terceiro apartado do Plan complementario, as obras solicitadas polos concellos con carácter supletorio para seren financiadas con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulación de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

A aprobación da anualidade 2008 do plan, no caso de que se aprobe antes da entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008, quedará condicionada á súa entrada en vigor.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións nin se emita o informe, poderanse proseguir os trámites.

Na última anualidade do plan, aplicaranse a cada concello os remanentes que lle poidan corresponder pola aplicación das baixas de licitación ou anulacións de proxectos. No suposto de que algún concello non poida executar no período 2008-2011 investimentos polo importe total que lle foi asignado por non ter toda a documentación administrativa e técnica correcta e completa, a Deputación poderá realizar investimentos noutros concellos para a realización das obras supletorias que figuran no terceiro apartado do Plan complementario aplicando, no seu caso, os criterios de prioridade da base 6, coa finalidade de que no período 2008-2011 se invista a práctica totalidade dos 40.000.000,00 € que se destinan ao financiamento deste plan.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A contratación das obras farana os respectivos concellos por delegación da Deputación, e deberá realizarse ata o día 30 de novembro do ano de aprobación do plan. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante resolución de Presidencia, logo da solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta Deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no art. 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no plan destinaranse a minorar a achega municipal que se realice ata anular, se for posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente obra. Non obstante, na última anualidade deste plan, as baixas aplicadas a minorar a achega da deputación poderá destinala o concello a financiar as obras que o concello solicite dentro do Plan base ou do Plan complementario, de acordo co establecido no último apartado da base 6.

Unha vez adxudicadas as obras deberá remitirse a esta Deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listaxe das obras con datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
- A documentación que se concretará na circular de contratación, xustificativa da adxudicación realizada.
- No caso de seren executadas pola propia administración, debera presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público.

8.- EXECUCIÓN DO PLAN

As obras executaranas os respectivos concellos conforme ao proxecto técnico da obra. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As obras deberán quedar totalmente rematadas e certificadas antes do 1 de novembro do ano seguinte ao de aprobación do plan. Non obstante, o concello poderá xustificadamente solicitar unha prórroga para o seu remate.

As modificacións dos contratos tramitaraas, no seu caso, o concello, de acordo co establecido na citada Lei 30/2007 de contratos do sector público. En todo caso, requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola Deputación.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente. Non obstante, no suposto de que o concello non teña esgotado o seu importe de participación no plan, poderá solicitar que o dito importe se destine a financiar os incrementos producidos por modificacións de proxectos ou certificacións finais de obra.

Dende a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola Deputación cos datos da obra, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo requisito indispensable para que esta Deputación transfira ao concello o importe da achega provincial ao plan.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando a certificación da execución das obras.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na Deputación, e que figura na súa páxina web, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello e por exemplar triplicado. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000,00 euros, salvo na última certificación.

A Deputación transferirá ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, logo da verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no plan, ou aos proxectos modificados que fosen formalmente aprobados.

Coa primeira certificación deberán xuntarse as dúas fotografías onde se reflecta o propio cartel, conforme co modelo establecido, e a súa colocación na obra.

Ao remate da obra, coa última certificación da execución, debera achegarse a correspondente acta de recepción.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

O concello deberá comunicarlle á Deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta Deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a correcta execución da obra.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, logo do informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO

MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/Dona
Concello de

secretario/a do

CERTIFICA

Que o Pleno do concello en sesión realizada o adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican deseguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
TOTAL			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

2º) (Cubrir só na anualidade 2011).

Solicitar a inclusión das seguintes obras no Plan complementario para seren financiadas con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulacións de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes. A citada aplicación realizaraa a Deputación na última anualidade deste plan, segundo se detalla no último apartado da base 6.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL
--------------	-----------------

TOTAL	

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acredítase que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

7º) Facultar ao alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e pracedo Sr. alcalde, _____, de _____.

V. e pr.

O alcalde

4.-APROBAR OS PROXECTOS REFORMADOS DAS OBRAS DE “BEIRARRÚAS NA R/ ÁNGEL DEL CASTILLO” (CÓDIGO 07.2100.0016.0) E “BEIRARRÚAS NA AVENIDA CAIÓN-AVDA. ARSENIO IGLESIAS” (CÓDIGO: 07.2100.0017.0) DO CONCELLO DE ARTEIXO, INCLUÍDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os proxectos reformados das obras de “beirarrúas na R/Ángel del Castillo” (código: 07.2100.0016.0) e “beirarrúas na Avda. Caión-Avda. Arsenio Iglesias” (código: 07.2100.0017.0) do Concello de Arteixo, incluídas no Plan de obras e servizos (POS) 2007. Os proxectos reformados implican incrementos nos seus presupostos, tal e como se indica nas seguintes táboas, que son financiados integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da Deputación e do Estado.

07.2100.0016.0 Beirarrúas na R/Ángel del Castillo (Concello de Arteixo)			
	Proxecto inicial	Proxecto Reformado	Diferenza
Deputación f.p.	15.978,14	15.978,14	0
Deputación préstamo	15.606,55	15.606,55	0
Estado	5.573,77	5.573,77	0
Concello	5.869,59	14.164,45	8.294,86
TOTAL	43.028,05	51.322,91	8.294,86

Esta diferenza de 8.294,86 € redúcese a 8.253,39 € a prezos de adxudicación.

07.2100.0017.0 Beirarrúas na Avda. Caión-Avda. Arsenio Iglesias (Concello de Arteixo)			
	Proxecto inicial	Proxecto Reformado	Diferenza
Deputación f.p.	68.669,81	68.669,81	0
Deputación préstamo	67.072,85	67.072,85	0
Estado	23.954,59	23.954,59	0
Concello	25.225,95	56.200,01	30.974,06
TOTAL	184.923,20	215.897,26	30.974,06

Esta diferenza de 30.974,06 € redúcese a 26.799,51 € a prezos de adxudicación.”

5.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVICIOS EN PARROQUIAS FENE”, DO CONCELLO DE FENE, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007 (PCP), CÓDIGO 07.3100.0101.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Pavimentación e dotación de servizos en parroquias Fene” do Concello de Fene, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, (código: 07.3100.0101.0), que non representa variación no seu orzamento total, pero si supón un cambio do trazado dalgunhas pavimentacións incluídas no proxecto orixinal.”

Código	Concello	Denominación	Deputación f.p.	TOTAL
07.3100.0101.0	Fene	Pav. dot. servz. parroquias Fene	185.812,34	185.812,34

6.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “CENTRO DE REUNIÓN SOCIAL, 2-F” DO CONCELLO DE OROSO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO: 07.3100.0182.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Centro de reunión social, 2-F” do Concello de Oroso, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, (código: 07.3100.0182.0). O proxecto modificado non implica unha alteración substancial do contido do proxecto, nin varía a finalidade ou o obxecto da obra pero si implica un incremento no seu presuposto. Este incremento, tal e como se indica na táboa seguinte, é financiado integramente polo Concello de Oroso, permanecendo invariable a achega da Deputación.”

07.3100.0182.0		C. reunión social, 2-F (Concello de Oroso)		
	Proxecto inicial	Proxecto Modificado	Diferenza	
Deputación f.p.	84.679,79	84.679,79	0	
Concello	0,00	11.317,75	11.317,75	
TOTAL	84.679,79	95.997,54	11.317,75	

7.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SEPARATA 3 (2ª PARTE) ABASTECIMIENTO A FRANZA E OUTROS” DO CONCELLO DE MUGARDOS, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2009. CÓDIGO: 09.2100.0156.0.

(Entra no salón a Sra. Vázquez Veras).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Separata 3 (2ª parte) Abast. a Franza e o.” (código:09.2100.0156.0) do Concello de Mugar dos, incluída no POS 2009, cun orzamento de contrata de 77.755,09 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade e obxecto da obra, si implica unha variación no seu trazado.”

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello	Orzamento Total
09.2100.0156.0	Mugar dos	Separata 3 (2ª parte) Abast. a Franza e o.	36.977,99	25.956,98	10.932,37	3.887,75	77.755,09

8.- APROBAR A SEGUNDA MODIFICACIÓN DA ANUALIDADE 2009 DO PROXECTO DE AFORRO, CALIDADE E EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS (PEACE) 2009”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a segunda modificación da anualidade 2009 do “Proxecto de promoción da eficiencia, o aforro e a calidade enerxética nos servizos públicos municipais dos 83 concellos da provincia” con poboación inferior aos 20.000 habitantes, que se aprobou mediante acordo plenario da Deputación do 27 de novembro do 2009 e 26 de marzo do 2010, na que se inclúen actuacións relativas á mellora da eficiencia enerxética nos 83 concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, detallados en 17 lotes.

A modificación consiste en eliminar a actuación denominada “Modificación do Convenio coa Universidade da Coruña para PEACE” cun presuposto de 50.000,00 € (código 2009.3340.0038.0) polas dificultades xurdidas coa súa tramitación, e incluír no seu lugar a realización dunha análise comparativa, homoxeneización e mellora da calidade dos informes das auditorías enerxéticas dos 83 concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, elaborados polas distintas empresas adjudicatarias dos lotes en que se estruturou o contrato de realización de auditorías enerxéticas, co fin de deducir tendencias e patróns de comportamento do gasto enerxético, así como mellorar a súa calidade final ao corrixir as diverxencias observadas, cun presuposto de 18.000,00 € (código 09.3340.0040.0).

Os novos importes de financiamento son os seguintes:

ACTUACIÓNS PEACE Anualidade 2009	PRESUPOSTO MODIFICADO Marzo 2010 (€)	PRESUPOSTO MODIFICADO Xuño 2010 (€)	DIFERENZA
Subministración, instalación e posta en marcha do equipamento para a mellora da eficiencia enerxética en 83 concellos detallado en 17 lotes	1.826.232,60	1.826.232,60	0,00
Dirección de equipamento aforro enerxético PEACE	123.767,40	123.767,40	0,00
Modificación do convenio coa Universidade da Coruña para PEACE	50.000,00		-50.000,00
Análise, homoxeneización e mellora das auditorías enerxéticas		18.000,00	18.000,00
TOTAL	2.000.000,00	1.968.000,00	-32.000,00

Código	Denominación	TOTAL (Deputación fondos propios) (€)
09.3340.0021.0	Lote 1 equipo aforro enerxético PEACE	23.993,80
09.3340.0022.0	Lote 2 equipo aforro enerxético PEACE	46.056,77
09.3340.0023.0	Lote 3 equipo aforro enerxético PEACE	54.421,82

09.3340.0024.0	Lote 4 equipo aforro enerxético PEACE	33.074,54
09.3340.0025.0	Lote 5 equipo aforro enerxético PEACE	168.112,10
09.3340.0026.0	Lote 6 equipo aforro enerxético PEACE	104.181,90
09.3340.0027.0	Lote 7 equipo aforro enerxético PEACE	134.391,76
09.3340.0028.0	Lote 8 equipo aforro enerxético PEACE	107.182,86
09.3340.0029.0	Lote 9 equipo aforro enerxético PEACE	178.426,98
09.3340.0030.0	Lote 10 equipo aforro enerxético PEACE	79.917,96
09.3340.0031.0	Lote 11 equipo aforro enerxético PEACE	213.931,18
09.3340.0032.0	Lote 12 equipo aforro enerxético PEACE	106.201,14
09.3340.0033.0	Lote 13 equipo aforro enerxético PEACE	65.684,11
09.3340.0034.0	Lote 14 equipo aforro enerxético PEACE	74.938,48
09.3340.0035.0	Lote 15 equipo aforro enerxético PEACE	262.371,08
09.3340.0036.0	Lote 16 equipo aforro enerxético PEACE	79.143,77
09.3340.0037.0	Lote 17 equipo aforro enerxético PEACE	94.202,35
09.3340.0039.0	Dirección equipo aforro enerxético PEACE	123.767,40
09.3340.0040.0	Análises, homoxeneización e mellora auditorías proxecto PEACE	18.000,00
TOTAL		1.968.000,00

2º.- O financiamento destas actuacións farase con cargo á partida 0501/425D/650 do presuposto provincial onde existe crédito suficiente.

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

9.-APROBAR O CONVENIO COA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O “PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO ANO 2009”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Fundación Rosalía de Castro correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.050 €, concedida para o financiamento do Programa de actividades culturais durante o ano 2009, cun orzamento subvencionado de 38.335,68 €, segundo o seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro, para o financiamento do *Programa de actividades culturais durante o ano 2009.*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña,

Dona Helena Villar Janeiro, presidenta da Fundación Rosalía de Castro, na súa representación.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Fundación Rosalía de Castro é propietaria da Casa Museo de Rosalía de Castro, na Matanza (Padrón) que recibe un gran número de visitas (máis de 50.000 persoas ao ano) e na que se realizan actos culturais de moi diversa natureza.

3.- Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- Que, consonte co sinalado anteriormente e, de conformidade co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das actividades e, neste senso, no presuposto para o exercicio do ano 2009 figura unha subvención nominativa para a Fundación Rosalía de Castro destinada a transferencias correntes a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a fundacións.

5.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro acordan subscribir o presente convenio, coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é o financiamento do *Programa de actividades culturais durante o ano 2009* de acordo co seguinte presuposto:

173 cumpreanos de Rosalía

Megafonía	355,00.-
Ornamentación	30,00.-
Gastos imprenta	2.453,04.-
Fotógrafo	450,00.-
Gastos persoal	419,64.-
Subtotal	3.707,68.-

125 aniversario do pasamento de Rosalía

Megafonía	610,00.-
Gastos imprenta	8.000,00.-
Fotógrafo	390,00.-
Gastos persoal	1.170,00.-
Subtotal	10.170,00.-

<i>Tertulias e recitais poéticos</i>	
Megafonía	553,34.-
Ornamentación	120,00.-
Gastos imprenta	8.626,66.-
Fotógrafo	379,00.-
Gastos persoal	1.079,00.-
Subtotal	10.758,00.-
 <i>Publicacións</i>	
Poetas con Rosalía V	6.000,00.-
Novos estatutos	2.200,00.-
Subtotal	8.200,00.-
 <i>Envío de libros</i>	 5.500,00.-
 Total	 38.335,68 €

Segunda.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.050 €.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 78,39 % do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 78,39 % da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto establecido na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle á Fundación Rosalía de Castro o outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade, a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o pago de todos os gastos xurdidos da súa realización.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas coa Fundación Rosalía de Castro, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Rosalía de Castro deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Cuarta.- A Fundación Rosalía de Castro comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (impresa, informática e audiovisual) que xeren as súas actividades e na súa páxina web, de conformidade coas normas de identidade corporativa que rexan para ambas as dúas entidades.

Quinta.- A Fundación Rosalía de Castro deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, para a percepción da subvención, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, a Fundación Rosalía de Castro autoriza á Deputación da Coruña para que obteña as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, a Fundación Rosalía de Castro deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Sexta.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula segunda, nun único prazos, despois da presentación da seguinte documentación, que segundo o sinalado na cláusula oitava do presente convenio terán que referirse a actividades realizadas dende o día 1 de xaneiro de 2009:

* Memoria de actuación, subscrita pola representante legal da Fundación Rosalía de Castro, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.

* Documentación que acredite o cumprimento da obrigación de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula cuarta.

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, dos documentos, os importes, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsas, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2009.

No caso de gastos de persoal, achegaranse como xustificante as nóminas acreditativas do pagamento e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

* Nos casos en que sexa de aplicación, a entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

O total do importe que se aboará non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Sétima.- A Fundación Rosalía de Castro comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios indicados.

Oitava.- De conformidade coa Base 55ª.4º das de execución do Presuposto para 2010, o prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2010, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades que se financian son as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Novena.- A Fundación Rosalía de Castro queda sometida ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Rosalía de Castro serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento co disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Rosalía de Castro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta deputación.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto Xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.-APROBAR O CONVENIO COA FUNDACIÓN PAIDEIA-GALIZA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A PROMOCIÓN MUSICAL DE BANDAS, CORAIS E GRUPOS DE CÁMARA: “PROGRAMA OUTRA+OUTRA 2010”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Fundación Paideia Galiza correspondente á subvención nominativa, por importe de 34.800 €, concedida para a promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: “Programa Outra+Outra 2010”, cun orzamento subvencionado de 51.692 €, segundo o seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para a promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: “Programa Outra+Outra 2010”.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, que actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Dona Rosalía Mera Goyenechea, presidenta da Fundación Paideia Galiza.

EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas entidades teñen unha especial sensibilidade para a realización de actividades que contribúan ao desenvolvemento cultural de Galicia.

2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, de conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, que establece como competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia, e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, ten un programa de actuacións musicais e teatrais para grupos artísticos da provincia, orientado ao fomento da cultura nese campo.

3.- Que a Fundación Paideia Galiza, constituída como entidade sen ánimo de lucro, e recoñecida de interese galego, ten entre os seus obxectivos fundacionais a promoción e a realización de actividades de interese educativo, cultural e outras de análogo interese humano e social.

Así mesmo, na actualidade leva a xestión do proxecto "Mans", un Centro de Iniciativas Empresariais que se sitúa no Polígono de POCOMACO, para potenciar a cultura empresarial innovadora na provincia da Coruña, favorecendo actividades coma a audiovisual ou a de creación musical.

4.- Que a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza consideran que as programacións de ambas as dúas entidades, neste ámbito, son complementarias polo que, coa finalidade de potenciar as iniciativas que axuden á promoción das actividades musicais, acordan establecer un convenio de colaboración dirixido a fomentar o desenvolvemento estratéxico do sector da música e apoiar as formacións musicais; o convenio rexerese pola seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a promoción da actividade musical mediante o cofinanciamento dun programa de gravacións dirixido ás bandas, corais, grupos de cámara e agrupacións musicais da provincia, incluídas na Rede Cultural da Deputación.

O programa supón a realización dun total de 12 gravacións e a edición de 1.000 copias en CD de cada gravación, de acordo co seguinte presuposto:

Gravación, incluíndo mestura, masterización, piano, catering e deseño do CD	36.092.-
1 Edición dos CD, incluíndo dereitos de autor e multicopiado en fábrica	15.600.-
Total	51.692 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará o presente convenio cunha achega máxima de 34.800 €.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 67,32 % do total dos gastos e non será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

O restante 32,68 % será subministrado directamente á Fundación Paideia Galiza por cada grupo, na maneira que nos contratos que se subscriban entre a Fundación e cada un dos grupos, se estipule.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 67,32 % da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto establecido na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Cada unha das partes asinantes deste convenio asume as seguintes obrigas:

Deputación da Coruña

- * Realizar a difusión do programa.
- * Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.
- * Subministrar o importe correspondente ao 67,32 % do custo da gravación, da tramitación das cotas correspondentes ante a SGAE e da obtención do depósito legal, así coma da entrega das 1.000 unidades dos CD gravados.

Fundación Paideia Galiza

- * Recibir as solicitudes das agrupacións musicais para participar no programa.
- * Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.
- * Ceder a cada unha das doce agrupacións musicais seleccionadas unha sala de gravación no CIE "Mans" durante un día.
- * Realizar a edición, mestura e masterización, en sistema de gravación a disco duro ProTools HD3.
- * Poñer a disposición das agrupacións musicais un piano, encargándose da súa afinación.
- * Poñer a disposición das agrupacións musicais un servizo de cátering.
- * Tramitar a documentación administrativa necesaria e a esixida pola lexislación da propiedade intelectual, en concreto a tramitación do depósito legal e a xestión dos dereitos correspondentes diante da SGAE (incluído o aboamento de tarifas).
- * Realizar o deseño gráfico dos CD, e o seguimento da fotomecánica.
- * Xestionar a marca discográfica e a de fábrica.
- * Entregar 1.000 copias do CD gravado a cada agrupación musical.
- * Entregar 25 copias de cada CD gravado á Deputación provincial.
- * Entregar 3 copias de cada CD gravado ao Depósito Legal.
- * Dispoñer de 2 copias de cada CD gravado para os efectos de arquivo.

Correspóndelle á Fundación Paideia Galiza as adquisicións de material, a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o pago de todos os gastos xurdidos da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades que son o seu obxecto.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- O programa obxecto do presente convenio desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

1ª fase: As agrupacións musicais solicitarán a participación neste proxecto e farán constar expresamente o seu compromiso de asumir a porcentaxe do custo total que lles corresponde.

Será condición para poder participar neste proxecto que a agrupación esté incluída na Rede Cultural da Deputación no ano 2010 ou 2011.

2ª fase: Comprobadas as solicitudes pola comisión mixta, esta seleccionará ás doce que considere máis axeitadas, de acordo cos seguintes criterios:

- ❖ Interese do currículo do grupo.
- ❖ Antigüidade do grupo.
- ❖ Características que se adapten ao tipo de servizo de gravación que se oferta.

3ª fase: Despois de finalizar a gravación e de tramitar o depósito legal, a Fundación Paideia Galiza fará entrega das 1.000 copias do CD a cada agrupación musical.

Quinta.- A Fundación Paideia Galiza comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o considere, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Sexta.- A Fundación Paideia Galiza comprométese a facer constar a colaboración da Deputación en toda a publicidade (impresa, informática e audiovisual) e na súa páxina web, dos programas que se desenvolvan en cumprimento do presente convenio, de conformidade coas normas de identidade corporativa que rexen para as dúas entidades.

Os CD que se editen levarán o logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

Sétima.- Para a percepción da subvención, a Fundación Paideia Galiza deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, a Fundación Paideia Galiza autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, a Fundación Paideia Galiza deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, nun máximo de dous prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda, logo da presentación da seguinte documentación:

- * Acta da reunión da comisión de selección, para o cobro do primeiro prazo.
- * Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- * Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.

Con esta relación chegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsa, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

Para o cobro do último prazo presentarase, ademais, a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos e acreditación da entrega á Deputación dos CD sinalados na cláusula terceira.
- * Documentos acreditativos de que cada unha das agrupacións musicais recibiron as 1.000 copias dos CD.
- * Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula sexta.
- * Nos casos en que sexa de aplicación, a entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

O total do importe que se aboará non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Novena.- Para a selección dos grupos e o seguimento da execución do convenio constituirase unha comisión mixta, da que formarán parte dous representantes de cada unha das entidades asinantes, que serán nomeados polos seus órganos de goberno.

Serán funcións da comisión as seguintes:

- ❖ Valorar as solicitudes de participación dos grupos e realizar a súa selección.
- ❖ Coordinar as actuacións das entidades que interveñan no desenvolvemento do convenio.
- ❖ Celebrar reunións sempre que sexa solicitado por unha das partes.

Décima.- Se despois de finalizar a gravación, de facer todos os trámites legais, e de entregar o CD orixinal ao grupo beneficiario, este non aboase a cantidade pendente de pago á Fundación Paideia Galiza, non se lle entregarán as 1.000 copias do CD que se repartirán ao 50% entre a Fundación Paideia Galiza e a Deputación da Coruña.

Sen perxucio do anterior e, con independencia do incumprimento que se poida producir polos grupos coa Fundación Paideia Galiza, a Deputación da Coruña aboará a totalidade da súa achega correspondente ao custo de gravación, de edición e de entrega das 500 copias dos CD.

Undécima.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Duodécima.- A Fundación Paideia Galiza queda sometida ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décimo terceira.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidas á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da

súa inclusión no Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta deputación.

Décimo cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto Xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

11.-MODIFICAR AS RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN PROVINCIAL (ANOS 2010 E 2011).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Con efectos do 1 de xuño de 2010, reducir as retribucións dos membros da Corporación provincial no ano 2010 nas porcentaxes que deseguido se sinalan e mantelas reducidas no exercicio 2011:

- a) 10 por 100 das retribucións do presidente desta Deputación, polo que quedarán fixadas en 74.907,70 euros anuais neste exercicio e 71.593,20 euros no exercicio 2011.
- b) 9 por 100 das retribucións do vicepresidente, polo que quedarán fixadas en 67.311,13 euros anuais neste exercicio e 64.648,73 euros no exercicio 2011.
- c) 9 por 100 das retribucións dos presidentes das Comisións Informativas, polo que quedarán fixadas en 65.155,65 euros anuais neste exercicio e 62.573,07 euros no exercicio 2011.

- d) 9 por 100 das retribucións dos deputados dos grupos políticos, polo que quedarán fixadas en 62.926,60 euros anuais neste exercicio e 60.426,57 euros no exercicio 2011.
- e) 9 por 100 das retribucións dos voceiros dos grupos políticos, polo que quedarán fixadas en 62.926,60 euros anuais neste exercicio e 60.426,57 euros no exercicio 2011.
- f) 9 por 100 da contía adicional prevista para aqueles deputados que presidan máis dunha Comisión Informativa, polo que quedarán fixada en 423 euros ao mes.

Así mesmo, as indemnizacións pola preparación dos asuntos e asistencias ás sesións dos órganos colexiados desta Deputación experimentan unha redución do 5 por 100, con efectos do 1 de xuño do 2010, para quedar como seguen:

- a) Sesións plenarias: 591 euros por cada unha delas.
- b) Sesión da Xunta de Goberno: 370 euros por cada unha delas.
- c) Reunións das Comisións Informativas: 370 euros por cada unha delas.”

12.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño cunha vixencia de 4 anos, que comezará a partir de xaneiro de 2010 e rematará no mes de decembro do ano 2013, cunha achega provincial do 100% dos gastos non cubertos polos ingresos, ata un máximo de 60.000€. Respecto aos exercicios 2011, 2012 e 2013 a Deputación da Coruña aboará o 100% dos gastos non cubertos polos ingresos, ata un máximo de 60.000€ co incremento do IPC correspondente, aplicado sobre o importe da anualidade inmediatamente anterior e que se aprobará de conformidade coas cláusulas 4º e 5º do convenio con cargo á aplicación 0202/334D/22699.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO (MALPICA DE BERGANTIÑOS)

A Coruña, de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña e

Doutro, Don José Ramón Varela Rey ALCALDE-PRESIDENTE do Concello de Malpica de Bergantiños

EXPONENTE

1º.- A Deputación Provincial da Coruña adquiriu e rehabilitou o conxunto etnográfico do Forno do Forte e o seu quinteiro, grupo de casas anexas do século XIX, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do ecomuseo: reconstruír a vida cotiá, de tempos non afastados, das xentes labregas e oleiras que fixeron de Buño un centro emblemático da produción artesá de Galicia, da provincia e de Bergantiños.

2º.- O ecomuseo do Forno do Forte debe entenderse, pois, como un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, cos inmateriais, especialmente a tradición oleira local e o impulso das novas formas de produción. O obxectivo último é facer do espectador un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura popular como recurso e reclamo turístico.

3º.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto etnográfico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña lle encomenda ao Concello de Malpica, a xestión integral do ecomuseo de FORNO DO FORTE DE BUÑO.

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

A xestión integral do ecomuseo FORNO DO FORTE DE BUÑO implicará as seguintes obrigas por parte do Concello de Malpica de Bergantiños:

1.- Atención a visitantes:

* Facilitar ao público a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións que albergue este, colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitoraxe ou similares.

* Facilitar aos visitantes folletos e/ou documentación informativa sobre o ecomuseo de FORNO DO FORTE e sobre o municipio de Malpica de Bergantiños.

* Facilitar información turística e cultural sobre a Costa da Morte, posibilitando aos visitantes a consulta dos devanditos datos por medios informáticos.

* Controlar o adecuado tránsito polo inmovible.

* Elaborar unha estatística de visitas.

O persoal adscrito deberá atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.

2.- Conservación e mantemento: o Concello de Malpica de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmovible como os bens incluídos nel, non se poderán realizar obras no inmovible.

En tanto estea vixente a xestión integral do ecomuseo de FORNO DO FORTE DE BUÑO, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica correrán a cargo do Concello de Malpica de Bergantiños.

3.- Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo en especial a olería de Buño.

4.- Compilación do patrimonio etnográfico da zona, especialmente agrícola, oleira e histórica.

5.- Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.

6.- A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona.

7.- Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, ceceduras tradicionais, gastronomía da zona, actividades agrarias, etc, en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

8.- Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.

9.- A xestión da taberna como servizos aos visitantes debe incidir nunha oferta baseada nos produtos tradicionais da zona, mantendo o encanto e ambiente do seu contexto, atendido por profesionais cualificados.

10.-O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obriga de facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSOAL E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberana prestar profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao abeiro do establecido na Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá a creación de relación laboral ningunha coa Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

Días: todos os días da semana, incluídos domingos e festivos. Fóra dos luns que permanecerá cerrado

Horario: De 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 horas.

CUARTA: OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación Provincial da Coruña aboará o 100% dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 60.000,00 € durante a anualidade de 2010, con cargo á aplicación orzamentaria 0202/334D/22699

Polo que respecta ás anualidades correspondentes aos exercicios do 2011; 2012 e 2013 a Deputación Provincial da Coruña aboará o 100% dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 60.000,000 € co incremento do IPC correspondente, aplicado sobre o importe da anualidade inmediatamente anterior. En todo caso quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente para responder ás obrigas derivadas do presente convenio.

No caso de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade, fosen superiores, a achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na presente cláusula.

QUINTA.- FORMA DE PAGAMENTO

A Deputación provincial aboará ao Concello de Malpica de Bergantiños a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

Efectuaranse 4 pagamentos trimestrais, polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos. En consecuencia non se efectuará ningún pagamento por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. secretario co Vº e pr. do alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños.

Acompañarase ademais a memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pagamento requirirá informes favorables do técnico de xestión cultural e dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Intervención.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Malpica deberá presentar a certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación Provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O concello deberá presentar a certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houber.

O importe da achega da Deputación Provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que lle corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación (Arquitectura, Enxeñería e Mantemento, Técnico de Xestión Cultural, etc.) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Deputación Provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar as actividades que considere oportunas.

DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

O incumprimento das cláusulas do convenio.

A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deu lugar á súa concesión.

A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

OITAVA: VIXENCIA

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos, que comezará a partir de xaneiro de 2010 e finalizará no mes de decembro do ano 2013. O devandito prazo será improrrogable.

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, as partes quedan suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO
PROVINCIAL CONCELLO DE MALPICA DE
BERGANTIÑOS

Salvador Fernández Moreda

José Ramón Varela Rey

13.-APROBAR AS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN QUE SOLICITEN A ADHESIÓN Á MARCA “REFUXIOS DO RÍO MANDEO”, DO PROXECTO MANDEO COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras da convocatoria de axudas aos establecementos de hostalería e restauración que soliciten a adhesión á marca “Refuxios do río Mandeo”, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado “Mandeo, posta en valor das concas fluviais 1ª fase: río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013.

1.- Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria de axudas aos establecementos de hostalería e restauración que soliciten a adhesión á marca “Refuxios do río Mandeo” do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder, cuxo texto figura no anexo a este acordo.

Dado que hai establecementos que xa foron auditados na anterior fase de creación da marca e que poden estar a adoptar medidas para solucionar as deficiencias indicadas nas auditorías, as actuacións presentadas a estas axudas poden realizarse desde o 1 de xaneiro de 2010 e deben xustificarse antes da data establecida na resolución de concesión da axuda.

2.- Remitir este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se formulen as alegacións que se consideren oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderanse definitivamente aprobadas estas bases reguladoras”.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN QUE SOLICITEN A SÚA ADHESIÓN Á MARCA “REFUXIOS DO RÍO MANDEO” PARA A SÚA MELLORA, DENTRO DA ACTUACIÓN B.13 DO PROXECTO MANDEO (IMPULSAR UNHA REDE DE ALOXAMENTOS-RESTAURACIÓN DE CALIDADE. DEFINICION MARCA PROPIA) COFINANCIADO NUN 70% CON FONDOS FEDER

1.- DENOMINACIÓN E FINALIDADE

A Deputación da Coruña está a executar o Proxecto Mandeo cofinanciado nun 70% con Fondos FEDER cuxa finalidade é “Potenciar o desenvolvemento sustentable dun territorio, a conca do río Mandeo”. O proxecto estrutúrase en catro bloques de actuacións:

- ❑ Bloque A: Optimización dos usos da auga.
- ❑ Bloque B: Achegamento do río aos cidadáns. Dinamización turística.
- ❑ Bloque C: Educación e formación ambiental.
- ❑ Bloque D: Xestión, seguimento e avaliación do proxecto.

No marco do bloque B, achegamento do río aos cidadáns e dinamización turística, a finalidade desta convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, é impulsar unha rede de aloxamentos-restauración de calidade nos 10 concellos incluídos no Proxecto Mandeo, (Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne, Sobrado), para consolidar a marca de calidade propia da Deputación denominada “Refuxios do Río Mandeo”.

2.- OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é subvencionar a mellora ou adaptación das infraestruturas dos establecementos de hostalería e restauración que soliciten a súa adhesión á marca de calidade “Refuxios do Río Mandeo”, de acordo coas bases publicadas no BOP N° 24 con data do 5 de febreiro de 2010.

2.1.- Actuacións subvencionables

A través desta liña de axudas pódense solicitar axudas a fondo perdido para a realización dos seguintes investimentos:

- Sinalización complementaria dos establecementos que integre a imaxe do proxecto
- Actualizacións informáticas e programas necesarios para a xestión
- Pequenas obras de reforma do local que contribúan a liquidar as deficiencias detectadas na fase de auditoría para a concesión do uso da marca
- Adquisición de mobiliario interior e exterior na liña dos modelos propostos

-Outras actuacións directamente relacionadas coa mellora dos establecementos e a calidade dos seus servizos

2.2.- Gastos subvencionables

Os gastos concretos que poden ser subvencionables son os que a seguir se relacionan:

- Gastos correspondentes ás obras executadas ou bens adquiridos
- Honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde ata un importe total máximo do 7% do orzamento de execución material (IVE excluído)
- O importe subvencionable non inclúe o IVE
- Non é subvencionable o gasto correspondente á licenza da obra, nin ningunha outra autorización
- Non se financiará a adquisición de bens de segunda man, nin gastos non admitidos pola lexislación tanto comunitaria como nacional, así como gastos financeiros, recargas, multas, etc.
- Se se considera que algún dos gastos propostos ten un importe superior ao de mercado, axustarase á baixa. No caso de obras servirán como referencia os que figuran na última Base de Prezos de Construción Galicia do Instituto Tecnolóxico de Galicia.
-

2.3.- Requisitos

Para a realización das sinalizacións, as obras e para a adquisición de mobiliario deberán utilizarse materiais de calidade, que sexan respectuosos co medio e coa contorna na que están os establecementos, como pedra do país, madeira certificada FSC ao PEFC, etc.

A documentación técnica debe estar redactada e asinada por un técnico competente. En todo caso, as obras deberán cumprir as normas do hábitat galego, así como a normativa específica de obrigado cumprimento aplicable, como a de accesibilidade, seguridade, etc.

3.- BENEFICIARIOS

Os destinatarios desta convocatoria son os establecementos de hostalería e restauración dos 10 concellos incluídos na conca do río Mandeo que soliciten a súa adhesión á marca de calidade propia “Refuxios do río Mandeo” de acordo coas bases publicadas no BOP N° 24 con data do 5 de febreiro de 2010.

Aranga	Curtis
Bergondo	Irixoa
Betanzos	Oza dos Ríos
Cesuras	Paderne
Coirós	Sobrado

Están excluídas as seguintes empresas:

- As empresas de sectores excluídos na normativa Mínimis.
- As empresas que incorran nalgunha das prohibicións dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Cada establecemento poderá realizar unha soa solicitude, que pode conter unha ou varias actuacións sempre que de forma conxunta o seu orzamento total non exceda os 50.000,00 € (IVE incluído).

En todo caso, os establecementos nos que se realicen reformas comprométense a manter o seu uso de hostalería – restauración durante un período mínimo de 5 anos. No caso de mobiliario, este deberá manterse vinculado á actividade económica por un período mínimo de 3 anos.

4.- FINANCIAMENTO

Na partida 0501/172D/77101 do orzamento provincial para o exercicio 2010 existe un crédito por importe de 400.000,00 € destinado ao financiamento destas subvencións. O importe da subvención que se conceda a cada solicitude poderá alcanzar ata o 50% do orzamento, IVE excluído, da actuación a realizar se se tratar de microempresas ou pequenas empresas, e ata o 40% en caso de medianas empresas.

Independentemente do importe do orzamento que se presente, o importe máximo de subvención que pode recibir cada un dos establecementos concrétese en 12.000,00 €. Para os límites de microempresa, pequena e mediana empresa atenderase á Recomendación da Comisión con data do 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresa, pequena e mediana empresa.

En virtude dos límites impostos pola normativa de Mínimis, Regulamento (CE) N° 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de Mínimis, a subvención recibida non pode facer que o importe total das axudas deste tipo percibidas durante un período de tres anos sexa superior a 200.000 €.

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os establecementos destinatarios destas axudas que desexen solicitar unha subvención ao abeiro desta convocatoria, deberán presentar no Rexistro xeral desta Deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a documentación que máis adiante se indica.

Ademais, tamén poden presentar a documentación no Rexistro xeral dos concellos de Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Curtis, Irixoa e Paderne, incluídos no Proxecto

Mandeo, por ter subscrito coa Deputación un convenio para a recepción de documentos.

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- Solicitud de subvención no modelo que figura como anexo I a estas bases
- CIF da empresa
- DNI do representante acompañado do correspondente poder
- No caso de que o solicitante opte por non autorizar á Deputación da Coruña a realizar as consultas sobre a súa situación de estar ao corrente de pagamentos coas administracións públicas, deberá achegar os certificados emitidos en soporte papel pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Seguridade Social
-
- No caso de obras:
 -
 - o Título de propiedade.
Debe achegarse copia do título de propiedade do inmovible. No caso de que o solicitante non sexa o seu dono, deberá achegarse o permiso do propietario/a para realizar as obras que se pretenden.
 - o Memoria valorada ou proxecto técnico
O documento debe estar elaborado e asinado polo técnico competente e debe conter un orzamento detallado con medicións, prezos unitarios e prezo final con detalle do IVE. A descrición das partidas debe ser o suficientemente detallada e concreta para identificar os materiais que se van utilizar, dimensións, acabados, cores, etc.
Ademais, deberá conter os planos de conxunto e detalle necesarios para a definición da actuación que se vai realizar
 - o Fotografías
Deben achegarse fotografías que reflictan a situación actual da parte do inmovible onde se vaian realizar as obras
- No caso doutras actuacións:
 -
 - o Orzamentos
Deben presentarse orzamentos asinados polas empresas proveedoras e con prazo de validez. Estará detallado a nivel de custo por unidades e cunha descrición tal que permita a obtención de orzamentos doutros provedores para os efectos de comprobar que o seu importe non é superior ao de mercado.
Para cada un dos gastos de subministracións que superen os 12.000,00 €, deberán achegarse un mínimo de 3 ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que fagan esas subministracións, ou salvo

que o gasto se realizase con anterioridade á presentación da solicitude de subvención. Estas excepcións deberán xustificarse.

○ Documentación gráfica

Achegarase tamén a documentación gráfica suficiente, fotografías ou esbozo para a perfecta comprensión do investimento que se vai realizar.

O prazo de presentación estenderase desde o día seguinte da publicación das presentes bases no BOP ata o 31 de xaneiro de 2011.

As actuacións presentadas a estas axudas deben realizarse e pagarse dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e a data de xustificación establecida na resolución de concesión da axuda.

Os documentos poderán presentarse en fotocopia acompañados do seu correspondente orixinal, para o seu cotexo e compulsa no rexistro da Administración pública onde se presente.

6.-RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES

As solicitudes presentadas revisaranse na Deputación, que poderá solicitar toda a información que se considere necesaria para a comprobación do cumprimento dos requisitos e para a correcta valoración da actuación solicitada.

Comprobarase que o local conta coa licenza que habilite o funcionamento da actividade (no momento da solicitude pode estar en trámite, e debe estar concedida necesariamente o día que termina o prazo de xustificación) e que o establecemento solicitante non teña débedas coa Deputación da Coruña.

Para a análise e valoración das solicitudes créase unha Comisión que estará formada por 1 presidente, 3 vogais e 1 secretario:

- Presidente: Deputado responsable do proxecto Mandeo
- Vogais: 1 representante do Servizo de Arquitectura de Deputación, 1 representante do Servizo provincial de Vías e Obras e 1 representante da UDC.
- Secretario: un funcionario do Servizo de Xestión de Plans, con voz pero sen voto

Para a valoración das solicitudes presentadas teranse en conta os seguintes criterios:

Adecuación das actuacións propostas para solucionar as deficiencias postas de manifesto na auditoría realizada para a obtención do uso da marca	40 puntos
Adecuación da actuación proposta aos obxectivos do proxecto Mandeo	30 puntos
Contribución á mellora da calidade ambiental e integración na súa contorna	30 puntos

A resolución das solicitudes presentadas realizarase mediante resolución da Presidencia da Deputación, a proposta da citada Comisión, e poderase realizar en dúas fases que se referirán ás solicitudes presentadas ata as datas que a seguir se indican:

FASE	DATA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	IMPORTE DESTINADO
1º FASE	30/9/2010	200.000,00 €
2ª FASE	31/1/2011	200.000,00 €

Para poder concederse unha subvención a un establecemento solicitante, este debe contar xa co uso da marca concedido pola Deputación.

O importe non comprometido na primeira fase poderase destinar á segunda fase.

Se algunha empresa solicitante non ten a documentación completa na data que se produce a primeira resolución ou se precisa algunha aclaración para que a Comisión de Valoración emita a súa proposta, poderase incluír na segunda fase de resolución.

A resolución de concesión das subvencións notificarase expresamente a todos os solicitantes e as subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

7.-EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO

A actuación subvencionada debe executarse axustándose na súa totalidade á documentación técnica presentada coa solicitude, sen que se admita ningunha modificación.

Pola natureza da actividade subvencionada está permitida a subcontratación do 100% da actividade subvencionada.

O beneficiario da axuda comprométese a garantir o estrito cumprimento da normativa de publicidade prevista no Regulamento 1828/2006, e en particular a colocar un cartel informativo das actuacións realizadas durante o transcurso das obras no que se faga mención ao financiamento dos fondos FEDER e que lle será facilitado pola Deputación no momento de concesión da axuda.

As actuacións subvencionadas deben executarse e xustificarse dentro do prazo indicado na resolución da concesión.

8.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Unha vez realizada a actuación subvencionada, o beneficiario deberá presentar nos mesmos lugares indicados na base 5 a seguinte documentación:

- Modelo anexo II

O modelo anexo II a estas bases debidamente cuberto coa relación de todos os gastos realizados

- Facturas

Facturas conformadas polo establecemento de hostalería– restauración acompañadas no caso de obras da certificación (relación) dos traballos realizados, como mínimo polo importe do orzamento presentado.

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 28 de novembro, e no artigo 73 do Regulamento de desenvolvemento da devandita lei, con carácter previo á realización da compulsa deberá estenderse unha dilixencia ou selo sobre o orixinal da factura, de maneira que quede constancia de que esta foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención da Deputación da Coruña e do Feder.

- Se é o caso, copia cotexada da licenza de obra e xustificante de entrega ao xestor autorizado de residuos de obra.
- Xustificantes de pagamento dos gastos

Debe achegarse o xustificante do pagamento dos gastos subvencionados por un importe polo menos igual ao do orzamento presentado con data anterior ao de finalización do prazo de xustificación da axuda. Debe ser un xustificante bancario en que estea perfectamente identificada a transacción. Non se admitirán pagamentos por caixa. Os xustificantes de pagamentos telemáticos deberán estar conformados pola entidade bancaria. Os xustificantes que se acheguen deben ser orixinal ou copia cotexada.

- Fotografías

Fotografías en formato dixital e papel da situación final nas que se poida comprobar tanto a execución da actuación subvencionada, como a colocación do cartel de publicidade europea facilitado por Deputación durante a execución das obras.

- Publicidade

Xustificantes da publicidade da subvención de Fondos Feder e da Deputación (folletos, carteis, placas, etc.)

- Declaración

Declaración baixo responsabilidade actualizada da data doutras axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade

No caso de que o gasto xustificado sexa menor que o do orzamento presentado, a axuda axustarase á baixa na mesma proporción na que se reduce o investimento. No entanto, se o gasto xustificado é inferior ao 75% do orzamento presentado, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida polo que non se aboará cantidade ningunha.

O cumprimento das medidas de publicidade é requisito indispensable para o mantemento da axuda.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da execución do investimento indicárase en cada resolución de concesión, pero debe terminar antes do 31 de maio de 2011, salvo prórroga expresamente concedida.

9.- COMPATIBILIDADE, SEGUIMENTO E CONTROL DAS AXUDAS RECIBIDAS

Esta liña de axudas é compatible con outras axudas da mesma natureza sempre que a suma dos importes concedidos non exceda os límites sinalados pola lexislación nacional ou comunitaria respecto diso.

As empresas deben realizar as actuacións requiridas, xustificar o cumprimento das condicións sinaladas nas bases, e someterse ás actuacións de comprobación segundo o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003 xeral de subvencións. A Deputación da Coruña, por iniciativa propia ou a instancia doutros organismos nacionais ou comunitarios, poderá realizar as accións de inspección e control e obter os documentos necesarios para garantir o cumprimento das finalidades perseguidas por esta convocatoria de axudas.

Se unha vez pagada a axuda se observase algún incumprimento, iniciárase un procedemento de reintegro da axuda na que se requirirá á empresa beneficiaria o importe indebidamente cobrado así como os intereses legais percibidos e os incrementos sinalados na lexislación vixente, tendo consideración de ingreso de dereito público (art. 38 da Lei 38/2003).

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, logo do informe de Secretaría e Intervención.

Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento.

Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
5.2.- Detalle de orzamento, indicarse para cada partida do orzamento os seguintes datos:	
<ul style="list-style-type: none"> -Descrición - Prezos unitarios - Medicións - Total sen IVE - Aplicación do IVE - Total con IVE 	
Achegar orzamento detallado en folla independente:	
Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
5.3.- Importe de subvención que se solicita:	
- Subvención solicitada	
- Financiamento propio do establecemento	
- Outros (detallar)	
- TOTAL PRESUPOSTO IVE INCLUÍDO	
5.4.- Outras axudas ou subvencións públicas ou privadas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade (detallar importe e entidade concedente)	
5.5.- Prazo de execución	
5.6.- Xustificación de que a actuación proposta soluciona as deficiencias indicadas na auditoría do uso da marca	

5.7.- Xustificación da contribución á mellora da calidade ambiental e integración no seu contorno

6.- DECLARACIÓNS

6.1

- Declaro que coñezo e acepto as bases da presente convocatoria, tanto os compromisos de solicitude como os requisitos da posterior xustificación

Si Non

6.2

- Autorizo á Deputación a obter as certificacións acreditativas de estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social nos momentos de tramitación do expediente que sexa necesario

Si Non

6.3

Declaro que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións da Administración ública

Si Non

6.4

No caso de que a actuación solicitada requira a obtención dalgunha autorización, permiso ou licenza, comprométome á súa obtención con carácter previo á súa execución

Si Non

7.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- | | |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | CIF da empresa |
| <input type="checkbox"/> | DNI do representante |
| <input type="checkbox"/> | Documento acreditativo da representación |
| <input type="checkbox"/> | Certificación expedida por unha entidade financeira cos datos do número de conta e titular |
| <input type="checkbox"/> | Título de propiedade |
| <input type="checkbox"/> | Autorización do propietario para a realización das actuacións |
| | Propostas |

<input type="checkbox"/>	Memoria valorada ou proxecto técnico
<input type="checkbox"/>	Orzamento detallado
<input type="checkbox"/>	Orzamentos de provedores
<input type="checkbox"/>	Fotografías
<input type="checkbox"/>	Outros (especificar)

Lugar e data	
Sinatura do solicitante	

Sr. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

ANEXO II

<p>MODELO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS Á MARCA REFUXIOS DO RÍO MANDEO</p> <p>DO PROXECTO MANDEO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA COFINANCIADO CON FONDOS FEDER</p>
--

1.- NOME DO ESTABLECEMENTO

2.- RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA SOLICITANTE
Denominación social:
Personalidade xurídica:
CIF / NIF:

3.- XUSTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA				
3.1 Memoria descriptiva da actuación realizada				
3.2 Relación de gastos realizados: Deberán detallarse para cada gasto os seguintes datos:				
Concepto	CIF e nome emisor da factura	Nº e data factura	Importe factura	Data xustificante bancario pagamento
Importe total dos gastos realizados				
3.3 Detalle de financiamento do orzamento executado:				
Subvención da Deputación				
Financiamento propio establecemento				
Resto financiamento (detallar)				
Importe total dos gastos realizados				

4.- ACREDITACIÓN DA PUBLICIDADE
Achégase documentación gráfica xustificativa do cumprimento da obriga de realizar a publicidade esixida nas bases
Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

5.- DECLARACIÓNS
5.1.- Declaro que a actuación subvencionada foi executada de acordo coa documentación técnica e orzamento presentados coa solicitude
Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
5.2.- Declaro que obtiven outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Si	Non
En caso de marcar SI detalle o importe e entidade concedente	
5.3.- Declaro que os gastos correspondentes ás actuacións subvencionadas cuxos xustificantes se relacionan máis arriba foron reflectidos na contabilidade da entidade.	
Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>

6.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:	
<input type="checkbox"/>	Facturas conformadas polo establecemento de hostalería, acompañadas da certificación (relación de traballos realizados)
<input type="checkbox"/>	Licenza de obra
<input type="checkbox"/>	Xustificante de entrega ao xestor autorizado de residuos de obra
<input type="checkbox"/>	Xustificantes bancarios do pagamento dos gastos
<input type="checkbox"/>	Fotografías da situación do establecemento tras a execución das actuacións
<input type="checkbox"/>	Fotografías da publicidade europea realizada
<input type="checkbox"/>	Outros (especificar)

Lugar e data	
Sinatura do solicitante	

Sr. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

14.-APROBAR A SUBSCRICIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FISTERRA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DA OBRA

DE INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL ARA-SOLIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a subscrición e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fisterra para financiar a realización da obra de instalación de céspede artificial no campo municipal Ara- Solis, con efectos dende a súa sinatura ata o día 10 de novembro de 2011, cunha achega provincial de 340.000 euros (100% de financiamento) sobre un presuposto de 340.000 euros e que se aprobará de conformidade co disposto na cláusula 3ª, 6ª e 7ª do convenio con cargo á aplicación 0202/342A/76201, condicionado á aprobación definitiva do correspondente expediente de modificación de créditos do Pleno e a simultánea modificación da base 49 das de execución do presuposto provincial para o ano 2010 na que se incorpora a subvención nominativa a que se refire o dito convenio e condicionado tamén á acreditación do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FISTERRA PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DA OBRA DE INSTALACION DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE ARA-SOLIS, CONCELLO DE FISTERRA

A Coruña, de dous mil dez

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. José Manuel Traba Fernández, alcalde-presidente do Concello de Fisterra

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de FISTERRA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de FISTERRA con CIF P1503800C, para o financiamento da obra de INSTALACION DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE ARA-SOLIS. CONCELLO DE FISTERRA, tal como aparece definida esta no proxecto (básico e de execución), redactado por DON MANUEL CARRO LOPEZ (ARQUITECTO TECNICO)

O CONCELLO DE FISTERRA, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter, con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

CONCEPTO	IMPORTE
P. E.M:	246.305,42€
GASTOS XERAIS: (13%)	32.019,70€
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	14.778,33€
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	293.103,45€
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	46.896,55€
TOTAL PRESUPOSTO XERAL	340.000,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 340.000€, o que representa unha porcentaxe de 100%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios pola dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao CONCELLO DE FISTERRA que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE FISTERRA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE FISTERRA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE FISTERRA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2010, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE FISTERRA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O CONCELLO DE FISTERRA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE FISTERRA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pagamento efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo o CONCELLO DE FISTERRA na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrasen o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE FISTERRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE FISTERRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE FISTERRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE FISTERRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE FISTERRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE FISTERRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE FISTERRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE FISTERRA queda sometido aos procedementos de fiscalización

que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 10 de novembro de 2011.

2. Previa solicitude da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo pleno da Corporación en sesión celebrada o día _____ de dous mil dez.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
FISTERRA

15.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A “CASA DE GALICIA” (MONTEVIDEO-URUGUAI) PARA FINANCIAR O EQUIPAMENTO DA POLICLÍNICA A CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a “Casa de Galicia” (Montevideo- Uruguai) para financiar o equipamento da policlínica A Coruña, con efectos retroactivos dende o 01/01/2010, ata o día 31/12/2010 cunha achega provincial de 30.322,56 euros (80% de financiamento) sobre un presuposto de 37.903,20 euros e que se aprobará de conformidade co disposto na cláusula 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0103/323C/781.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CASA DE GALICIA (URUGUAI) PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A “POLICLÍNICA A CORUÑA”, DE MONTEVIDEO

Montevideo,

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, que actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Manuel Ramos Pérez, que intervén neste acto en nome e representación da *Casa de Galicia*, cuxo domicilio social está en Colonia, 1474, Montevideo (Uruguai), que actúa na súa calidade de presidente e conforme coas competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

MANIFESTAN

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A *Casa de Galicia* (en adiante, a beneficiaria) é unha asociación civil sen fins de lucro, fundada en 1917, ao amparo da lexislación da República do Uruguai, que ten como finalidade outorgar servizos de asistencia médica colectiva, que conta cun local central, un sanatorio e catro policlínicas situadas na cidade de Montevideo, unha delas denominada “Policlínica A Coruña”.

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están alonxados da súa terra.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

Como é finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, e considerando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a *Casa de Galicia*, para o cofinanciamento da adquisición de equipamento para a Policlínica A Coruña, sita na Avda. 8 de outubro 4482, Montevideo.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA CTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a 944.243,45 pesos uruguayos, cuxo contravalor en euros ascende a 37.903,20 €, segundo o detalle que se incorpora como anexo.

III.- COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña comprométese a colaborar no cofinanciamento das citadas adquisicións cunha achega máxima de 30.322,56 € (TRINTA MIL TRESCENTOS VINTE E DOUS CON CINCUENTA E SEIS EUROS), sobre un orzamento de 37.903,20 €, o que equivale a un coeficiente de financiamento do 80 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232C/781, do orzamento xeral para 2010, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado. En caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das adquisicións, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, debera facerse constar sempre o cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación poderá fraccionarse ata en dous prazos e materializarse mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola beneficiaria, despois da presentación previa da seguinte conta xustificativa dos gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (80 %), sen que en ningún caso os pagos totais poderán exceder do importe máximo da axuda concedida (30.322,56 €):

A. Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do equipamento, expedida polo órgano competente.

B. Informe xeral (parcial ou final) suscrito polo representante da *Casa de Galicia*, relativo ás adquisicións dos equipamentos realizados, aludindo ao cumprimento dos obxectivos da subvención.

C. Acta de recepción dos equipamentos e compromiso de destinalos á finalidade prevista durante polo menos cinco anos máis.

D. Relación clasificada dos gastos realizados, relacionados coa execución do obxecto do convenio.

E. Orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

F. Acreditación da aprobación da factura/s presentada polo órgano competente da entidade beneficiaria.

G. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

H. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

4. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez realizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada. E se transcorreran

máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación. Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei

orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, con efectos retroactivos dende o 01.01.2010, e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2011.
2. Despois da solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia numero de data do dous mil nove

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA O PRESIDENTE DA CASA DE GALICIA

Salvador Fernández Moreda

D. Manuel Ramos Pérez

ANEXO

ARTIGO	PREZO	UNIDADES	IMPORTE, (en pesos uruguaios)	IMPORTE (en euros)
Scanner Metrologic	6.935,70	1	6.935,70	278,49
Monitor 15 LCD AOC	2.840,16	1	2.840,16	114,00
PC Pentium 4	2.806,00	8	22.448,00	901,09
Kit teclado e Mouse PS 2	169,58	16	2.713,28	108,91
Cargador de laptop para auto	732,00	1	732,00	29,38
Monitor LCD 17 ref. cat. A+	2.806,00	6	16.836,00	675,82
Laptop Everex 1.5	10.492,00	1	10.492,00	421,16
Carro de 75 litros	2.288,00	2	4.576,00	183,68
Estante 84 x 60 x 2 mts. X 4 est	2.431,00	2	4.862,00	195,16
Estante SR 6 est. 30x84x240 mts.	1.794,00	3	5.382,00	216,04
Refrixerador Panavox + flete	3.863,00	1	3.863,00	155,06
Fax Panasonic	3.250,00	1	3.250,00	130,45
Cable de fibras ópticas	19.491,35	1	19.491,35	782,40
Ropeiro + cama	2.880,00	1	2.880,00	115,60
Tandem metal	5.124,00	5	25.620,00	1.028,42
Lámpara médica de pe	3.641,70	1	3.641,70	146,18
Lámpara artefacto de parede	2.189,90	2	4.379,80	175,81
Carro portaelementos con tapa	3.477,00	1	3.477,00	139,57
Desfibrilador/cardioversor con monitor	93.018,90	1	93.018,90	3.733,91
Punzón Kerrison 130° sup.230 mm 4 mm	23.459,38	1	23.459,38	941,69
Punzón Kerrison 130° sup.230 mm 2 mm	23.459,38	1	23.459,38	941,69
Rongeur Caspar 3 mm. Vast. 185 mm	34.533,32	1	34.533,32	1.386,21
Rongeur Cushing recto 180 mm An. 10x2 mm	20.430,12	1	20.430,12	820,10
Acople standard para retractor Leyla	32.498,36	1	32.498,36	1.304,53
Xerador electrocirúrxico	212.273,90	2	424.547,80	17.041,90
Monitor multiparamétrico marca Bionet	93.018,90	1	93.018,90	3.733,90
Capnografía con sistema Microstream	54.857,30	1	54.857,30	2.202,05
TOTAL			944.243,45	37.903,20

16.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO VOZ NATURA 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández Latorre para o financiamento do proxecto Voz Natura 2010, con efectos retroactivos a contar dende o 01/01/2010 ata o día 31/12/2010 cunha achega provincial de 84.140 euros (46,948% de financiamento) sobre un presuposto de 179.219 euros e que se aprobará de conformidade co disposto na cláusula 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0305/172A/481.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES VOZ NATURA ANUALIDADE 2010

A Coruña, de decembro de dous mil

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. Santiago Pérez Otero, en representación da Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, segundo poder outorgado ante o notario da Coruña D. Francisco Manuel Ordoñez Armán o 13 de xaneiro de 2004, con número de protocolo 76

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

As partes en nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández Latorre consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa conservación da contorna ambiental respecto á natureza e o fomento da ecoloxía, de maneira que poida contribuír non só á divulgación das actividades citadas, senón tamén a promover a relación de estudos ambientais, operacións de limpeza de áreas naturais, conservación de especies vexetais, de viveiros forestais, de ríos e calquera outra encamiñada a inculcar nos cidadáns o respecto á natureza e o fomento da ecoloxía.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo información e divulgación sobre a conservación da contorna ambiental.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da “Fundación Santiago Rey Fernández Latorre”, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E ÁMBITO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, CIF- G15620651 para o financiamento do proxecto “VOZ NATURA 2010”.

SEGUNDA.- COMPROMISOS QUE HA CUMPRIR A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE

A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento actividades colexios	62.000,00
MATERIAL PROMOCIÓN ACTIVIDADE VOZ NATURA	6.394,00
Material de oficina, envíos e similares	5.328,00
Premios VOZ NATURA e festa fin de curso	42.625,00
Asistencia Técnico Ambiental colexios	12.255,00
Gastos de desprazamento a colexios	2.664,00
Coordinación VOZ NATURA	37.297,00
Plan de comunicación web VOZ NATURA	10.656,00
TOTAL	179.219

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 84.140,00 €, o que representa unha porcentaxe de 46,948 %. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 46,948 %, da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/172A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións xerais da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrència, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrència.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE.

SEXTA.-XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

SÉTIMA.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

OITAVA.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación rovincial determinarao de oficio esta.

NOVENA.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes, da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de toda as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

DÉCIMO PRIMEIRA.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

DÉCIMO SEGUNDA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE da Lei 9/2007 serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE da Lei 9/2007 será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

DÉCIMO TERCEIRA.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos contados dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro de 2010.

2. Despois da solicitude da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE da Lei 9/2007, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Correspóndelle ao presidente da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº con data de dous mil dez.

E en proba de conformidade asinan este convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e na data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN
SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE

Salvador Fernández Moreda

D. Santiago Pérez Otero

17.-APROBAR O PLAN DE SENDAS PEONÍS 2010 1ª FASE INTEGRADO POLOS PROXECTOS: SENDA PEONIL NA DP 7601 SAN SADURNIÑO Á CRUZ DE LAMESTRA (SAN SADURNIÑO) (1011700001.0); SENDA PEONIL NA DP 1004 DE LANZÁ A BOIMORTO (P.Q. 0+000 AO 0+860) (MESÍA) (1011700002.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2010 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 493620,66.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0202/454B/650 e que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
SENDAS PEONIL NA DP 7601 SAN SADURNIÑO Á CRUZ DE LAMESTRA (SAN SADURNIÑO) (1011700001.0)	153.410,05
SENDAS PEONIL NA DP 1004 DE LANZÁ A BOIMORTO (PK 0+000 A 0+860) (BOIMORTO) (1011700002.0)	340.210,61
TOTAL	493.620,66

Condicionar a aprobación definitiva do plan á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos número 2, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión con data do 28-5-2010.

2) Expor ao público os proxectos mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

18.-APROBAR INICIALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2010 4ª FASE INTEGRADO POLOS PROXECTOS:

CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS PARA A SEGURIDADE VIARIA NA DP 1201 (P.Q: 2+140 AO 2+720 E P.Q. 4+480 AO 5+150) (BOQUEIXÓN); SEGURIDADE VIARIA, REFORZO NO FIRME DA CALZADA, SINALIZACIÓN, ILUMINACIÓN VIARIA E REPOSICIÓN PARCIAL DE BEIRARRÚAS NUN TRAMO DA DP 0513 PAIOSACO A CAIÓN (TRAMO DA TORRE) (A LARACHA). REMITIR OS CITADOS PROXECTOS AOS CONCELLOS PARA OS EFECTOS DE ADOPTAR OS ACORDOS E REMITIR A DOCUMENTACIÓN Á QUE SE REFIRE A BASE 3ª DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2010 4ª FASE cun orzamento total de 848236,54.- euros e que son as que deseguido se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CONSTRUCCION DE BEIRARUAS PARA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1201 (PK 2+140 A 2+720 E PK 4+480 A 5+150) (BOQUEIXON)	595.063,48
SEGURIDADE VIARIA, REFORZO DE FIRME DE CALZADA, SINALIZACIÓN, ILUMINACIÓN VIARIA E REPOSICIÓN PARCIAL DE BEIRARRÚAS NUN TRAMO DA DP 0513 PAIOSACO A CAION (TRAMO DA TORRE) (A Laracha)	253.173,06
TOTAL	848.236,54

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera por tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).

19.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 5ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA CAPA DE RODAXE NA DP 1902 CARBALLO A RAZO (TRAVESÍA DE ARNADOS) (CARBALLO) (1011100005.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2010 QUINTA FASE cun orzamento total de 27.904,99 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DE CAPA DE RODAXE NA DP 1902 CARBALLO A RAZO (TRAVESIA DE ARNADOS) (CARBALLO) (1011100005.0)	28.386,11

2) Expor ao público os proxectos mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

20.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 4ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: COMPLEMENTARIO Nº 1 DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP 1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO Á LAGOA, P.Q. 12+00 AO P.Q. 15+630 (A LARACHA E CARBALLO) (1011100004.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2010 CUARTA FASE cun orzamento total de 276.789,54 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
COMPLEMENTARIO NUMERO 1 DE AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA DP 1909 CARBALLO A CAION E ACCESO A LAGOA, PK 12+00 A PK A 15+630 (LARACHA E CARBALLO) (1011100004.0)	276.789,54

2) Expor ao público os proxectos mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

21.-APROBAR PROVISIONALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2010 1ª FASE 1ª RELACIÓN INTEGRADO POLO PROXECTO: COMPLEMENTARIO Nº 1 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP DE XARAS A OLVEIRA P.Q. 1,640 AO 3+990 REFERENTE Á CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL NO P.Q. 1+970 (RIBEIRA) (1011300001.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2010 2ª FASE PRIMEIRA RELACION integrado polos proxectos que a seguir se relacionan, cun orzamento total de 142838,48.- euros e que son as que deseguido se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 2601 (CESURAS) (1011300002.0)	142.838,48
TOTAL	142.838,48

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

22.-APROBAR PROVISIONALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2010 2ª FASE 1ª RELACIÓN INTEGRADO POLO PROXECTO: SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 2601 (CESURAS) (1011300002.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2010 1ª FASE PRIMEIRA RELACION integrado polos proxectos que a seguir se relacionan, cun orzamento total de 80163,62.- euros e que son as que deseguido se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
COMPLEMENTARIO Nº 1 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 7304 DE XARAS A OLVEIRA PK 1,640 A 3+990 REFERENTE Á CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL NO PK 1+970 (RIBERIA) (1011300001.0)	80.163,62
TOTAL	80.163,62

2) Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

23.-MODIFICAR A ORDENANZA FISCAL XERAL

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL XERAL : Modificación dos artigos 8; 16.3; 23.2; 24.5; 35; 41; 42; 43; 45 (que se renumera como 44); 46 (que se renumera como 45); 47 (que se renumera como 46); 58 (que se renumera como 57); 60 (que se renumera como 58); 61 (que se renumera como 59); 62 (que se renumera como 60); 63 (que se renumera como 61); 64 (que se renumera como 62). Suprímense os artigos 44; 59 e 65 e renuméranse os artigos posteriores. Nova redacción íntegra da Ordenanza Fiscal Xeral.

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da Ordenanza Fiscal Xeral.

4º.- A Ordenanza Fiscal Xeral comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

24.-DAR CONTA DAS CONTAS ANUAIS DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC).

Dáse conta ao Pleno das contas anuais da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

25.-MODIFICACIÓN DA BASE 47ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EXERCICIO 2010 “RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificar a Base 47ª nos seus apartados 1 e 2, con efectos do 1 de xuño, polo tanto queda como segue:

BASE 47ª.- RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

En conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, artigo 225 da Lei 5/1997, do réxime local de Galicia e segundo o artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais vixente, os membros electos da Corporación, percibirán durante o exercicio do 2010 as seguintes retribucións e indemnizacións, segundo se determina seguidamente e o disposto no vixente Regulamento orgánico da Deputación e no Acordo plenario do 28 de xullo de 2007.

1.- Retribucións dos membros en réxime de dedicación exclusiva:

- Presidente: 74.907,70 euros anuais (a percibir en doce pagas mensuais).
- Vicepresidente 67.311,13 euros anuais (a percibir en catorce pagas mensuais, das que se percibirá unha extraordinaria nos meses de xuño e decembro).
- Presidentes de Comisións Informativas (9): 65.155,65 euros anuais (a percibir en catorce pagas mensuais, das que se percibirá unha extraordinaria nos meses de xuño e decembro).
- Deputados dos grupos políticos (3): 62.926,60 euros anuais (a percibir en catorce pagas mensuais, das que se percibirá unha extraordinaria nos meses de xuño e decembro).
- Portavoces (3): 62.926,60 euros anuais (a percibir en catorce pagas mensuais, das que se percibirá unha extraordinaria nos meses de xuño e decembro).

Excepcionalmente, se un deputado provincial presidise máis dunha Comisión Informativa, poderá percibir o importe correspondente á Presidencia dunha Comisión Informativa incrementado no importe mensual de 423 euros, logo da resolución do presidente na que se concretará a vixencia temporal da situación excepcional citada.

2.- Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial.

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da Deputación, os membros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

- Sesións plenarias: 591,00 euros.
- Sesións da Xunta de Goberno: 370,00 euros.
- Reunións das Comisións Informativas: 370,00 euros.

Cando coincida no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, tomando en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados.

Ningún deputado poderá percibir máis de catro asistencias ao mes por reunións das Comisións Informativas, excepto as do mes de setembro e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior.”

26.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE APROBACIÓN POLO PLENO NÚM. 3/2010 E MODIFICACIÓN DA BASE NÚM. 49ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EXERCICIO 2010 REFERENTE ÁS SUBVENCIONS NOMINATIVAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta Comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3/2010 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 1.642.050,31€ e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

C.E. Créditos extraordinarios.....	190.147,00
S.C. Suplementos de crédito.....	1.451.903,31
	1.606.190,31

Total de aumentos:.....1.642.050,31

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

B.A. Baixas por anulación.....	35.860,00
R.X. Remanente de tesourería para gastos xerais:	

Total financiamento:.....1.642.050,31

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	(1) 35.400,00	
2. Gastos correntes	74.950,00	28.860,00
3. Gastos financeiros		
4. Transferencias correntes	101.860,00	6.000,00
6. Investimentos reais	616.151,31	
7. Transferencias de capital	813.689,00	1.000,00
8. Activos financeiros		
9. Pasivos financeiros		
TOTAL MODIFICACIÓNS	1.642.050,31	35.860,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	1.606.190,31
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	1.606.190,31

(1) O capítulo I do Estado de Gastos (Gastos de Persoal) incrementábase en 35.400,00 euros a consignación inicial (274.604,00 euros) da aplicación orzamentaria 0203/221A/162.06 destinada a “Bolsas do persoal”. En consecuencia e de conformidade co establecido na Base 41ª das de execución do presuposto do exercicio 2010 autorízase expresamente o novo importe de 310.004,00 euros para bolsas do persoal, non obstante a aplicación á súa finalidade realizábase despois da negociación cos representantes do persoal mediante o procedemento legalmente establecido.

2º.- Modificación da Base 49ª de execución do Orzamento provincial.

2º-1 Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 49ª do Orzamento Provincial do exercicio 2010 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0202/151B/762.01	Concello de Ordes	P1506000G	Ampliación Alameda de Ordes 2ª fase	400.000,00	448.910,99	89,10
0202/155A/762.01	Concello Boqueixón	P1501200H	Adquisición maquinaria e vehículo Brigada de obras	90.000,00	90.000,00	100,00
0202/326A/453.90	Universidade Santiago	Q1518001A	Act. formación, investigación, asesoramento e outras	6.000,00	39.000,00	15,38
0202/342A/762.01	Concello Fisterra	P1503900A	Instalación herba artificial no campo fútbol Ara Solis	340.000,00	340.000,00	100,00
0202/433A/762.01	Concello Muros	P1505400J	Viveiro de empresas 1ª fase	120.337,00	165.337,00	72,78
0601/342A/781	SCR San Xoán de Calo – Teo	G15069883	Remodelación dos vestiarios de campo de deportes	25.000,00	32.724,58	76,39
0701/231D/453.90	Universidade da Coruña	Q6550005J	Curso verán “Políticas boas prácticas e servizos calidade”	13.000,00	22.300,00	58,29
0701/231F/453.90	Universidade da Coruña	Q6550005J	Oficina para igualdade de xénero e fomento actividades de igualdade oportunidades entre mulleres e homes	22.860,00	33.180,00	68,90
TOTAL				1.017.197,00		

2º-2 Modificar as subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN o
0202/134A/781	Protección civil Boqueixón (1)	G15463409	Equipamento vehículos	98.352,00	98.352,00	100,00
0202/342A/762.01	Concello Pontedeume (2)	P1507000F	Instalación herba artificial campo fútbol municipal	340.000,00	375.000,00	90,67

(1) Incremento da subvención e modificación da porcentaxe.

(2) Modifícase a porcentaxe, por erro de transcripción.

2º-3 Dar de baixa as subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN o
0202/151B/762.01	Concello de Ordes	P1506000G	Ampliación Alameda de Ordes — Anualidade 2008	200.000,00	728.257,08	27,46
0202/942Z/762.01	Concello de Ordes	P1506000G	2ª fase Alameda de Ordes – Anualidade 2009	200.000,00	448.910,99	44,55

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativa 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

Bos días a todos. Gustaríame saber o motivo polo que non se puido realizar a actuación do 20 aniversario do Conservatorio de Danza no Teatro Jofre de Ferrol, estaba prevista para o 20 de xuño. O Conservatorio de Danza entendemos que merece outro tipo de trato e outro tipo de difusión, e parece que nesta ocasión foi a través do asesor cultural, onde se deron desculpas que quereríamos nós saber ata que punto son, polo que non se ía realizar esa actuación. Déronse desculpas de motivos económicos, motivos loxísticos, motivos estruturais, e quereríamos saber cal é en concreto o motivo. Está anunciado, está publicitado, está difundido, toda unha cartelería onde aparecía esa actuación, e non se puido realizar coa frustración que iso provocou nos profesores e nos alumnos.

Doutra banda, aproveitar tamén para pedir, no que se poida, que se faga unha difusión un pouco mellor do Conservatorio de Danza, que pertence a esta Deputación, na páxina web da Deputación, posto que neste momento límitase a ser un directorio, entón parécenos que hai que aproveitar os medios que hai de comunicación para difundir e para, dalgunha maneira, facer máis atraínte todo o que é a información, e neste caso tampouco é, entón a ver que nos poden dicir neste punto.

Sr. presidente

Grazas, Sra. González. A cuestión é, non estaba prevista. A Escola é da Deputación e quen manda na Deputación é o presidente e o equipo de goberno. Houbo unha proposta para actuar en Ferrol e non se vai actuar por problemas económicos, porque se lles dixo que co diñeiro dispoñible optasen por facer as dúas ou por facer unha, recortando algunhas cousas. É unha Escola de Danza, non ten que gastar 300 euros en flores, nin outra serie de partidas, entón a propia dirección optou por facer unha actuación. Quero lembrar que é unha escola e que é unha actuación de fin de curso, non é o Ballet da Ópera de Londres. E tamén lle quero dicir que non pedimos desculpas a ninguén, vai haber unha actuación na Coruña, e punto, e non temos nin que dar explicacións, nin pedir desculpas.

E o que me gustaría é que tivese claro algún pai de alumno é que a Escola é da Deputación, e quen dirixe a Escola é o director baixo a dependencia orgánica e funcional deste goberno provincial.

Sra. González Vázquez

Non se trataba só de fin de curso, era o 20 aniversario, era algo máis, e está na cartelería as tres actuacións.

Agora gustaríame que me contestase, referido ao último Pleno que vostede con tanta alegría, diría eu, aseverou que o Partido Popular votara favorablemente a compra da caseta da Deputación, e díxoo no Pleno, e aproveitou un pouco para botarnos a culpa dunha serie de cousas ao Partido Popular. Vostede afirmou neste Pleno que o Partido Popular votara favorablemente.

Eu non sei, Sr. presidente, eu estiven este mes buscando en que momento votaramos favorablemente e non o atopei, pero pode ser que eu non o atope. O que si está nos orzamentos que se presentan no ano e nós quero lembrarlle que nos orzamentos abstivémonos, entón gustaríame que dalgunha maneira se ten que rectificar, rectifique, e que nos diga realmente por que nese momento dixo que nós votaramos favorablemente á compra dunha caseta por valor de 420.000 euros.

Sr. presidente

Non hai nada que rectificar, nada, decidiuse e aprobouse por unanimidade.

E eu voulle facer un rogo, se podo. Os seus compañeiros cando queren algunha cousa da Deputación, baixan e preguntan, e se eu non sei, chamo ao funcionario responsable, baixa o funcionario responsable e dálle unha resposta. Eu aconséllolle que, vostede pode preguntar aquí, indubidablemente, sen ningún problema, pero se realmente quere resolver cuestións, non deixe pasar vinte días, cando saiba algo, se quere resolver, se quere buscar notoriedade, indubidablemente, esta é a oportunidade, pero eu diríalle, como vexo que é reiterativo, diríalle que está ben buscar a notoriedade, pero pódese buscar por dous camiños, coa brillantez ou coa mediocridade, dependerá de vostede que camiño quere seguir.

E dígolle, e reitérolle, cando teña un problema coa Deputación faga o que fan os seus compañeiros e o que fan os outros deputados, baixe e pregunte, e se hai que arranxar algo, arránxase, e se hai algunha cousa mal, corríxese, baixe e pregunte, se quere resolver os problemas, se quere simplemente preguntar para saír ao día seguinte na prensa, desde logo está no seu dereito e este é o momento para facelo.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.